



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. _____, actuando en representación da Diocese de Ourense, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da Diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo *"Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os Bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia"* asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os

convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica e a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental, que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Ourense ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Ourense para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo

operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no anexo de intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Ourense

Pola súa banda, a Diocese de Ourense comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poñeráo no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das actuacións a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición.

Sétima.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria,

O bispo da Diocese de Ourense

Román Rodríguez González



ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DIOCESE DE OURENSE

BEN: igrexa de Santa Comba e San Trocado
SITUACIÓN: Santa Comba de Bande, Bande (Ourense)
PROTECCIÓN: Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento

A igrexa de San Trocado ou Santa Comba de Bande está considerada por moitos autores como o templo cristiá mais antigo de Galicia. É probablemente o edificio visigótico máis completo da nosa comunidade e un dos mellores exemplos de arquitectura hispanovisigoda da Península Ibérica. A construción orixinal é datada a finais do século VII sufrindo diferentes transformacións ata o século IX para adaptarse as diversas necesidades funcionais como puideron ser a de albergue ou mosteiro.

O edificio actual de planta de cruz grega, cunha ábsida rectangular ao leste e un pórtico de entrada cuadrangular ao oeste, tivo como outros edificios visigodos, unha planta rectangular en cuxo centro quedaba inscrita a cruz grega, rodeada de estancias cuadrangulares, que desapareceron co tempo. Actualmente daquelas cámaras cuadrangulares só quedan vestixios no espazo dedicado á sancristía, nas cimentacións soterradas no adro e nalgúns esquinais do edificio actual. As naves converxen nun cruceiro cuberto por ciborio de bóveda de aresta de ladrillo apoiada en catro arcos de ferradura. Os brazos do cruceiro cóbrense con bóvedas de canón peraltado con certa tendencia á ferradura. O arco de ingreso ao presbiterio descansa sobre catro columnas de mármore, con basas e capiteis. Dos catro capiteis un é tardorromano reaproveitado, outro visigodo da primeira época do edificio e os outros dous de finais do século IX ou principios do X. A capela da ábsida está decorada con pinturas murais do século XVI, que probablemente se estendían polo resto do interior do edificio.

- Intervención programada:

1. Mellora das condicións de humidade na igrexa de Santa Comba de Bande

- Xustificación da intervención:

A última intervención importante data de 1999, realizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e consistiu na renovación da cuberta e na drenaxe perimetral de todo o edificio e adro. O paso do tempo e a falla de mantemento fixeron aparecer nos últimos tempos problemas de humidade nos pavimentos interiores, especialmente nos encontros coas fachadas norte e leste e algunhas filtracións de auga polas cubertas.

No mes de marzo de 2015 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou unhas catas na drenaxe existente comprobándose o deficiente estado do rexuntado das fábricas soterradas, o que podería estar a provocar filtracións de auga pola cimentación.

- Actuacións propostas:

A proposta de intervención consiste de xeito resumido na execución dunha nova drenaxe perimetral, selado das cimentacións, repaso de cuberta e novas carpinterías nos ocos que eviten a entrada de auga e garantan a ventilación.

As actuacións a realizar son as seguintes:



- Substitución da antiga drenaxe perimetral por unha nova, cun rexuntado das cimentacións con morteiro de cal.
- Evacuación das augas de escorrentía do adro.
- Repaso das cubertas e execución de novos aleiros que eviten a entrada de auga pola cabeza dos muros e garantan a ventilación do espazo entre a cuberta e as bóvedas.
- Execución de carpinterías das fiestras con ventilación permanente.
- Repaso puntual do rexuntado das fábricas de sillería das fachadas con morteiro tradicional de cal.
- Restauración das portas existentes.



BEN: igrexa de San Miguel

SITUACIÓN: Osmo, Cenlle (Ourense)

PROTECCIÓN: Ben pertencente ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214 do 08.11.1995)

A igrexa parroquial de San Miguel de Osmo é un edificio de núcleo románico fortemente transformado nos séculos XVI e XVIII. Está incluída dentro do cercano dominio do mosteiro cisterciense de San Clodio. Na nave, de planta rectangular, insírese o oco para o arcosolio de San Francisco, na metade do muro sur, fronte a porta lateral. O banco é de pedra granítica esculpida e policromada. Distínguense catro figuras antropomórficas que sosteñen palmas e espadas. A escena está moi descentrada, o que fai pensar que a peza fora aproveitada dun emprazamento previo. Na actualidade exerce de banco e apoio para a predela que nos ocupa. A predela, de estilo manierista, amosa un grande interese artístico; pertence a un retablo perdido, e data de principios do século XVII. Nela se representa ós catro evanxelistas e varias escenas da vida de Xesús, como a Natividade e a Adoración dos Magos.

- Intervención programada:

1. Restauración da predela do retablo de San Francisco

- Xustificación da intervención:

Logo da restauración da pintura mural do arcosolio de San Francisco, realizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia no ano 2015, o precario estado de conservación da predela fai imposible a súa reubicación sobre a mesa de altar pétreo do antedito arcosolio. Polo que soamente un traballo de restauración pode asegurar a estabilidade desa peza de singular interese cara o futuro.

- Actuacións propostas:

A proposta de intervención consiste de xeito resumido nas seguintes actuacións:

- Desinsectación e tratamentos antifungos, de xeito curativo-preventivo.
- Tratamentos estruturais. Recuperación do soporte.
- Limpeza superficial.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Eliminación de repintes, limpeza química.
- Fixación de policromías.
- Reintegración máterica e cromática.
- Aplicación de protección final.
- Redacción da memoria final da intervención.



BEN: catedral de San Martiño de Ourense
SITUACIÓN: Ourense
PROTECCIÓN: Ben pertencente ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, ten a categoría de BIC segundo o Decreto de 03/06/1931 (GAC do 04/06/1931)

A Catedral de San Martiño está situada no centro da cidade de Ourense, en pleno Casco Histórico.

Ten tres portadas que conservan elementos románicos. Ao gran rosetón enmárcano dúas torres. A Torre do Reloxo construíuse no século XVI. Na cabeceira, a Torre do Cruceiro, que se fixo entre 1499 e 1503 é oitavada e consta de tres pisos. No interior, as tres naves son de estrutura románica -pilastras do XII e bóvedas do XIII- que percorren tamén as ventás románicas. No interior das fachadas do cruceiro hai unha fermosa arcada tripla, románica. Na Capela Maior, a bóveda é policromada, de dúas seccións de aresta e un cuarto de esfera. O Pórtico do Paraíso une ás tres naves no seu arranque. O tímpano e a bóveda estrelada son obra do XVI. O deambulatorio é de gusto greco-romano. A sancristía é de 1560, do gótico tardío, con arco conopial.

Empezouse a construír posiblemente na época do bispo de Ourense Pedro Seguí (1157-1169) ou de don Adán (1169-1173). Nunha segunda fase, época do bispo don Alfonso (1174-1213), é encrucillada da arte protogótica. Intervenían mestres de Compostela e Avila, e realízanse as seguintes obras: beirís do tramo recto do presbiterio, nervaduras da capela maior, cruceiro, portada norte e sur -a portada norte sufriu moito co asedio do Conde de Benavente o de Lemos, refuxiado na Catedral no 1471, o que obrigou ás reparacións feitas por Juan Pumar no 1479- e a portada da Clastra Nova. Unha terceira etapa correspóndese co bispo don Lorenzo (1213-1248), realizándose obras dende o segundo tramo do brazo maior a partir do cruceiro ata a fachada occidental, incluído o Pórtico do Paraíso.

A partir desta estrutura orixinaria, a Catedral de Ourense vai ir alterándose ó longo dos séculos. No 1499 comezouse a obra do ciborio. Arredor do 1562 faise a sancristía. No século XVI realízase a primeira capela do Santo Cristo, que será ampliada no 1674. No século XVII ábrese o deambulatorio e as súas capelas. No 1767 faise a antesala e sala capitular. No século XX faise a escalinata de acceso á fachada occidental.

- Intervencións programadas:

1. Restauración das reixas do altar maior da catedral

- Xustificación da intervención:

As reixas atópanse nun estado de conservación moi deficiente e están danadas por actuacións anteriores polo que é preciso realizar unha limpeza xunto coa eliminación de repintes así como tratar as faltas e os danos que presentan.

- Actuacións propostas:
 - Eliminación de elementos alleos e aspiración xeral
 - Fixación e asentado da policromía
 - Limpeza e desinfección



- Encolado de pezas de madeira
- Recheo de gretas
- Suxeición de elementos
- Inhibición
- Reintegracións estruturais
- Reintegración cromática
- Protección final
- Limpeza e consolidación das pezas do zócalo pétreo

2. Restauración da fachada do brazo norte do cruceiro da catedral

- Xustificación da intervención:

O obxectivo da actuación é a restauración integral da dita fachada. É dicir, a superficie comprendida entre os contrafortes que serven de base ás torres circulares ata o remate do pinche do penal, incluso nas caras laterais dos contrafortes e nos remates das torres e do pinche do penal, que inclúe o rosetón situado no corpo superior e a portada medieval.

O proxecto para restaurar a dita fachada recolle de xeito pormenorizado toda a súa casuística. A análise do estado de conservación dos materiais que a conforman ten un estudio dos seus sistemas construtivos e estruturais, para determinar con exactitude o seu grao de deterioro, identificando as súas causas e os efectos.

- Actuacións propostas:

Os traballos necesarios para acadar o obxecto do contrato son:

- Elaboración de mapas de estado de conservación.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Análises específicas: caracterización petrolóxica, de morteiros, ceras, costras e sales.
- Realización de probas de limpeza.
- Preconsolidación do soporte alterado, morteiros e posibles policromías.
- Eliminación de plantas superiores e outros elementos de biodeterioro. Aplicación de biocidas.



- Limpeza.
- Extracción de sales.
- Pechado de fisuras e gretas, saneado de xuntas, selado de xuntas.
- Reposición de volumes perdidos e elementos desprendidos e/ou fracturados.
- Consolidación e fixación de soporte, morteiros e posibles policromías.
- Estabilización estrutural.

- Revisión de vidros: limpeza, saneamento, reparación de gretas e fisuras. Reintegración e/ou substitución.

- Colocación de sistemas de control de aves.
- Elaboración de plan de mantemento e conservación preventiva.

3. Reforma xeral do sistema eléctrico da catedral

- Xustificación da intervención:

En xeral a instalación eléctrica está obsoleta, cadros mal dimensionados, liñas con seccións insuficientes e/ou mal protexidas, cables pelados, empates antirregulamentarios, caixas sen tapas, sistemas de iluminación inadecuados...

Apréciase unha falta de seguridade grave en toda a instalación que tamén implica un alto risco de accidente ou incendio.

O obxectivo da intervención é renovar a instalación para mellorar a seguridade desta adaptándoa á normativa vixente así como conseguir un aforro enerxético.

- Actuacións propostas:
 - Desmontaxe de elementos en mal estado.
 - Substitución de cadros, canalizacións, liñas e mecanismos.
 - Instalación dun grupo electrógeno.
 - Instalación da rede de alumeado de emerxencia.
 - Iluminación da capela maior.



4. Desinsectación e restauración do retablo da Virxe da Asunción

- Xustificación da intervención:

As necesidades que se pretenden cubrir coa restauración radican na necesidade de realizar labores de desinsectación co fin de eliminar ataques por parte de insectos xilófagos así como previlos no futuro. A zona da predela presenta un inicio de ataque de térmita, actualmente activo, que require dunha pronta actuación para evitar a súa pronta expansión polo resto do retablo, o cal sufriu nun pasado outro ataque, producindo danos nesta mesma zona así como nas bases das columnas salomónicas. É visible tamén un ataque de carcinoma común que afecta dun xeito xeral ao retablo.

Ademais desta patoloxía, apréciase acumulación de restos de cera, po e sucidade así como escurecemento das policromías debido ao fume das velas e á oxidación dos vernices, polo que cómpre a súa limpeza. Podemos apreciar tamén a existencia de dúas policromías de épocas distintas que ocultan a policromía orixinal. Por este motivo sería necesario a elaboración de estudos encamiñados a recuperar a policromía orixinal propia do século XVII, co fin de devolver ao retablo o antigo esplendor propio dunha obra de Mateo del Prado.

- Actuacións propostas:

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

- Elaboración de mapas de estado de conservación.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Colocación de medios auxiliares.
- Limpeza superficial e fixación da policromía.
- Consolidación e saneamento da madeira.
- Desmontaxe da predela, fornella central e pilastras laterais.
- Tratamentos de desinsectación curativo-preventiva.
- Reintegración volumétrica.
- Colocación de ancoraxes na imaxe da Virxe da Asunción.
- Limpeza química.
- Estucado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 **400**
Fax: 981 546 597



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

galicia

- Reintegración cromática.
- Protección final.
- Montaxe da predela, fornela central e pilastras laterais.